



## Concello de O Incio

---

### **BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO, DE 3 PEÓNS, AO ABEIRO DO “PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2018”**

#### **1.- NORMAS XERAIS**

A selección rexerese polo previsto nestas Bases, Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia; Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; Lei 5/97, de Administración Local de Galicia; Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1981, de 7 de xuño; Real Decreto 364/95; Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e de acordo coas instrucións da Deputación de Lugo para a execución do **“PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2018”, ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.**

#### **2.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO**

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá nas tarefas propias de peón de obras públicas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello do Incio e, en concreto, de conformidade coa memoria descritiva das necesidades de contratación para satisfacer os servizos a financiar ao abeiro do “PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2018”, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación aos Concellos 2018”.

#### **3.- DURACIÓN DO CONTRATO**

O contrato de traballo, de seis meses de duración, asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo de obra ou servizo, a xornada completa.

#### **4.- RETRIBUCIÓN**

A retribución establecida na memoria aprobada ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018.

#### **5.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS**

---

Concello de O Incio



## Concello de O Incio

---

1.- Para ser admitidos ao presente procedementos os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter unha idade comprendida entre os 18 e os 65 anos.

c) Posuír unha capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

e) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

f) Ser persoa inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego, segundo a base 8ª.1 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego.

2.- Os anteriores requisitos, deberánse posuír con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.- Será nulo o nomeamento dos que estean incurso nas causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

### **6.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN**

1.- O Concello do Incio facilitará á Deputación de Lugo, 10 días antes do inicio do procedemento de selección, unha copia das presentes bases e da convocatoria do proceso para dar publicidade na páxina web institucional, así como de calquera outra documentación relacionada co mesmo, en aplicación da base 8ª.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.

2.- O Concello do Incio solicitará os aspirantes na oficina de emprego de Sarria mediante a presentación da correspondente oferta nos modelos normalizados a tal efecto, facendo referencia aos requisitos que deban reunir os traballadores que se contratarán para



## Concello de O Incio

---

o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados.

A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda os criterios preferenciais establecidos no Programa de Fomento do Emprego do 2018.

Recibida a oferta, a oficina de emprego realizará unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto ofertado, para finalmente proporcionar ao Concello do Incio a listaxe dos candidatos.

Coa documentación remitida polo Servizo Galego de Colocación, entenderase que os interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Unha vez recibido polo Concello, a listaxe dos aspirantes que houberan resultado preseleccionados por reunir os requisitos esixidos na devandita oferta, se lles requerirá aos candidatos preseleccionados para que comparezan nas oficinas municipais no prazo máximo de 5 días hábiles, aos efectos de presentar instancia (cuxo modelo se adxunta no anexo I) no rexistro xeral do Concello, así como a documentación precisa para a participación no proceso/s selectivo/s.

### **7.- SOLICITUDES**

1.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello do Incio mediante o modelo de instancia que se achega como Anexo I.

2.- Á instancia acompañarase inescusablemente de :

- a) Fotocopia compulsada do DNI
- b) Declaración xurada (Anexo II)
- c) Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos para a participación no proceso de selección.
- d) Documentación acreditativa dos méritos alegados que sexan puntuables de acordo ao previsto na base 9ª.

3.- Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser emendados en calquer intre, de oficio ou a petición do interesado, dentro do prazo de presentación das solicitudes.

### **8ª.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN**

---

Concello de O Incio



## Concello de O Incio

---

O Tribunal de Valoración será colexiado e constará, como mínimo, de Presidente, dous vogais e secretario (con voz e sen voto), que serán designados por resolución de Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei de Función Pública de Galicia.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e incidencias que xurdan da aplicación das normas contidas nas presentes bases, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde deste proceso en todo o que non estea previsto nestas bases.

O Tribunal no poderá actuar ou constituirse sen a presenza de polo menos tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario, titular ou suplente.

A pertenza os órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención ou recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, Réxime Xurídico do Sector Público.

### **9.- SISTEMA DE SELECCIÓN**

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiros de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de un día hábil para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón) en dita resolución fixarase a data e hora para a realización da fase de entrevista curricular, para xeral coñecemento dos candidatos.

O Tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará -no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as ou excluídos/as.

O sistema de selección é o de concurso de méritos, cunha puntuación máxima de dez (10)

1.- O proceso selectivo iniciarase cunha primeira fase de valoración de méritos. A puntuación máxima desta primeira fase será de cinco (5) puntos. O Tribunal valorará os méritos dos/as aspirantes



## Concello de O Incio

---

admitidos baseándose na documentación aportada durante o prazo de solicitudes consonte a seguinte distribución:

a) Experiencia laboral (máximo 2 puntos)

Desempeñar ou ter desempeñado as funcións do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración: 0,075 puntos por cada mes completo. A puntuación minorarase de forma proporcional en función da porcentaxe de xornada, cando esta fora parcial. Non se computarán os servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais.

Acreditarse mediante a presentación de Informe de Vida Laboral máis copia compulsada dos contratos de traballo onde conste a categoría profesional (sendo obrigatorio presentar ámbolos dous documentos para a súa valoración) ou ben certificación acreditativa expedida pola entidade contratante, se é una administración pública, onde conste a categoría profesional. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación neste apartado será de 0 puntos.

b) Outros (máximo 3 puntos)

Por pertencer a algún dos seguintes colectivos con dificultades de inserción laboral: mulleres, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, parados de longa duración, persoas vítimas de violencia de xénero, e outros que se recollen na normativa sectorial vixente.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. Acreditarse a condición de parado de longa duración mediante certificado do INEM. A fin de acreditar a condición de vítima de violencia de xénero haberán de utilizarse os medios que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero establece ao efecto. E para o resto dos casos os/as aspirantes deberán aportar a documentación acreditativa oficial.

---

## Concello de O Incio



## Concello de O Incio

---

2.- Os méritos que se aleguen polos/as aspirantes acreditaranse, como data límite, o día de remate do prazo de presentación de solicitudes. Non se valorarán aqueles que non estean suficientemente acreditados documentalmente.

3.- O proceso continuará cunha segunda fase de entrevista persoal. A puntuación máxima correspondente a esta fase é de cinco (5) puntos.

Os/as candidatos/as deberán presentarse á proba provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

A entrevista versará sobre aspectos relacionados coas funcións do posto de traballo a desenvolver. O Tribunal cualificador realizará aos aspirantes as preguntas que teña por convinte para avaliar a súa idoneidade para o posto de traballo, valorando o nivel de coñecementos e a aptitude dos /as aspirantes.

4.- A puntuación final dos/as candidatos/as será a resultante da fase de concurso máis a fase de entrevista. Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal cualificador publicará tanto no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello como no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello do Incio a relación dos mesmos por orde de puntuación obtida.

5.- Serán propostas o posto de traballo convocado as tres persoas que acadaran as maiores puntuacións, quedando as restantes conformando unha listaxe de reserva, ordenada segundo a puntuación obtida, aos efectos de renuncia, baixa, ou calquera outra contingencia das persoas candidatas propostas, sendo requerida a que figure na listaxe no seguinte lugar, sucesivamente, cando as circunstancias así o requiran.

### **10.- RESOLUCIÓN, DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

1.- A resolución do concurso e os nomeamentos serán realizados pola Alcaldesa- Presidenta do Concello do Incio, a proposta do Tribunal cualificador.

2.- Presentada a documentación restante (número de filiación á Seguridade Social e IBAN da conta bancaria da súa titularidade onde ingresar as correspondentes nóminas) polos/as interesados/as, e sendo a mesma conforme, a Sra. Alcaldesa procederá a designación



## Concello de O Incio

---

dos/as aspirantes seleccionados/as e á formalización dos correspondentes contratos laborais.

### **11.- INCIDENCIAS**

1.- A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e nas formas establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídicos das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2.- Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, o Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo e normativa laboral de aplicación.

O Incio, 24 de outubro de 2018

### **ANEXO I (MODELO DE INSTANCIA)**

#### **SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO AO POSTO DE PEÓN, AO ABEIRO DO “PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2018”**

#### **DATOS PERSOAIS**

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME

TELÉFONO PARTICULAR

TELÉFONO MÓBIL

DOMICILIO

MUNICIPIO E PROVINCIA

CÓDIGO POSTAL

CORREO ELECTRÓNICO

#### **DECLARO**

- 1) Que coñezo na súa integridade as bases que rexen esta convocatoria.
- 2) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

---

Concello de O Incio



## Concello de O Incio

---

**SOLICITO:** Ser admitido no proceso selectivo achegando ao presente escrito os méritos para seren valorados.

En O Incio, a ..... de..... de 2018.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DO INCIO

### **ANEXO II**

#### **MODELO DE DECLARACIÓN XURADA**

D/Dna....., con DNI ..... , en relación coa oferta e emprego do Concello do Incio de PEÓN, ao abeiro do “PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2018”.

#### **DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

1.- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.

2.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

3.- Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Lugar e data:

---

**Concello de O Incio**





## Concello de O Incio

---

Sinatura:

---

**Concello de O Incio**

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 Lugo. Tfno. 982427014. Fax: 982427100